

PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Curso 2015-16

Aprobada o 20-10-2015

1.- INTRODUCCIÓN.

Considéranse Actividades Complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Así cabe considerar:

- Visitas
- Traballos de campo
- Viaxes de estudo
- Conmemoracións

No caso de actividades complementarias que suporían a saída do centro de alumnos menores de idade, requirirase a correspondente autorización escrita dos seus pais/nais ou titores legais.

Considéranse Actividades Extraescolares as organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar. Están encamiñadas a potenciar a apertura do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade, e o uso do tempo libre.

Realízanse fóra do horario lectivo, teñen un carácter voluntario para todos os alumnos e alumnas do centro.

Non forman parte do proceso de avaliación polo que pasa o alumnado para a superación das distintas áreas ou materias curriculares que integran os plans de estudo.

A planificación de actividades extraescolares e complementarias que se realizan no IES Arcebispo Xelmírez I é froito do convencemento de que o ensino debe:

1.- Estar baseado nos principios de democracia e participación dos membros da comunidade escolar, de onde se derivan a responsabilidade de cada un/unha no desempeño do seu cometido e o respecto mutuo.

2.- Ser pluralista, con aceptación de todas as posibilidades de pensamento, de xeito que ninguén será discriminado por razón das súas ideas, conviccións, raza...

3.- Fomentar o sentido crítico do alumnado.

4.- Fomentar o sentimento científico e humanista e buscar o desenvolvemento harmónico da personalidade do alumnado.

5.- Fomentar a igualdade de sexos e o rexeitamento explícito de actitudes e comportamentos sexistas.

6.- Promover accións encamiñadas a impedir calquera tipo de violencia, especialmente a de xénero e a xenófoba.

7.- Fomentar a solidariedade, a colaboración, a axuda mutua e o compañeirismo, a puntualidade e o respecto, a tolerancia e o respecto aos demais, e o espírito de traballo e de superación.

2.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EN XERAL.

1.- En ningún momento as actividades terán carácter discriminatorio, nin se poderá negar a participación a ninguén, excepto cando o indique o Equipo Docente debido a problemas graves de comportamento e actitude xustificadas mediante expediente disciplinario.

2.- A persoa responsable da actividade deberá controlar a asistencia do alumnado inscrito. A non asistencia reiterada, así como o incumprimento das normas establecidas pode supor a perda do dereito a asistir á actividade. Esta perda do dereito de asistencia non implicará a devolución do diñeiro aportado.

3.- O profesorado asistente deixará sempre traballo programado para o alumnado co que tería clase durante a actividade.

4.- O alumnado que non participe nalgunha actividade complementaria xustificará, previamente, a súa ausencia.

3.- AS SAÍDAS.

Normas Xerais

1.- Con anterioridade á realización das viaxes, faranse reunións informativas con pais/nais/titores/as e seralles enviada información escrita sobre a actividade a realizar.

2.- Os pais/nais/titores/as entregarán unha autorización, por escrito, para que o seu fillo/a/titorando/a realice a viaxe; nesta autorización deberá constar, ademais, que o pai/nai/titor/a, exime ao profesorado acompañante das responsabilidades que se deriven dun comportamento anómalo do seu fillo/a/titorando/a

3.- Cada viaxe terá un plano cos obxectivos, as actividades e a temporalización da mesma.

4.- O alumnado comprometerase a cumprir as normas de cada viaxe e o profesorado responsábel poderá, se o comportamento dalgún alumno/a non é o axeitado, impor as sancións que considere oportunas, e, en caso extremo, enviar o alumno/a á casa polo procedemento que contemple a lei.

5.- Por mal comportamento ou por mal rendemento académico o Equipo Docente, e/ou o Equipo Directivo, poderá decidir penalizar sen unha viaxe concreta a algún alumno/a ou a todo un grupo.

6.- O profesorado acompañante poderá alterar o plano dunha viaxe se as circunstancias o aconsellan.

7.- Todo alumno/a que por prescripción do médico siga un tratamento continuado ou padeza algunha enfermidade (calquera incidencia relacionada coa saúde) deberá comunicalo de xeito privado aos profesores acompañantes antes de iniciar a viaxe.

8.- . Os alumnos/as teñen o deber de coidar e utilizar correctamente as instalacións do hotel, albergue, autobús, museos e demais lugares visitados, cumprindo en cada caso a normativa propia de cada un deles (comportamento correcto coas persoas e instalacións do lugar que se visita). Os alumnos/as, que causen danos, de forma intencionada ou por negligencia, nas instalacións ou no material (individual ou colectivamente), quedan obrigados a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación e poderán ser obxecto das medidas correctoras que se consideren oportunas.

9.- Os alumnos/as cumpriran os horarios establecidos, tanto para o desenvolvemento das actividades previstas dentro do programa da viaxe, como para o descanso no hotel, albergue, etc. Durante o tempo de estancia no hotel, albergue, gardarase a compostura debida, permitindo o descanso de todos os acompañantes do grupo e demais residentes.

10.- Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

- a) Aprobación do Consello Escolar.
- b) Autorización escrita dos pais, de tratarse de alumnos e alumnas que están baixo a responsabilidade paterna ou titor ou titora legal.
- c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada dez alumnos.

Relación de saídas previstas de máis dun día

-1- INTERCAMBIO con Madrid para o alumnado de 1º da Eso (Tamén estamos preparando intercambios con Eslovenia, Rumanía e Italia).

-2- O grupo de teatro Vai No Dentista participa este ano, entre o 4 e o 9 de novembro, nun certame teatral en Altopascio, na rexión de Lucca. Guadagnuolo (Italia).

-3- Durante este curso, o Departamento de Alemán pretende organizar unha estadía en Alemaña, Austria ou Suíza do alumnado que estea matriculado no 4º curso da ESO e no 1º do bacharelato. Vai ser unha estadía de aproximadamente unha semana nun destes tres países cun intenso programa centrado na historia contemporánea. Trátase de que os alumnos aproveiten tamén a viaxe para relacionarse entre eles e con mozos locais e doutros países. O programa vai desenvolverse en lingua alemá, o que esixirá do alumnado participante un esforzo especial de concentración.

-4- Viaxe á neve: con alumnado do centro dos cursos superiores, en xaneiro do 2016, farase unha excursión aos Pirineos para realizar actividades de esquí e outras na natureza

-5- Saída Didáctica pola Serra de O Courel (Departamento de Bioloxía e Educación Física).

-6- Intercambio do alumnado de bilingüe. Para o curso 2015/2016 esta proxectado un intercambio escolar cun centro de ensino de Toulouse, “Collège André Maraux”, para o grupo de 3º da ESO que comeza a “section europeenne” e 4º. O grupo frances viria a Santiago en data sen precisar aínda e o noso alumnado irá a a Francia no mes de marzo (entre os días 10 e 17).

-7- Para alumnado de Portugués:

1.- “Pelas margens do rio Lima”. Excursión a Ponte de Lima, Ponte da Barca e Viana do Castelo. Día 19 de outubro

2.- Excursión de dous días nos meses de abril ou maio a Coimbra e Aveiro.

-8- Viaxe a York para o alumnado de 3º da ESO (xa realizado en outubro e aprobado no anterior Consello Escolar)

-9- Viaxe de 4º da Eso, aínda sen determinar lugar e data.

4.- FESTIVAIS E CONMEMORACIÓNS.

CONMEMORACIÓN S	ACTIVIDADES	DATA
Samaín	Concurso de Decoración de Cabazas, decoración do centro, explicación da festividade	30 de outubro
Magosto	Celebración do magosto, con asado de castañas para toda a comunidade educativa	11 de novembro
Día en contra da violencia de xénero	Recordatorio das vítimas, presentacións	25 novembro e días anteriores e posteriores
Día Mundial contra a Sida	Actividades na aula	3 decembro
<u>Festival de nadal</u>	O tradicional festival que se celebra no Salón de actos. Tema deste curso: o Bosque	18 decembro
Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto	Actividades na aula	27 xaneiro
Día da Paz	Exposicións, decoración do centro, proxeccións, charlas...	30 xaneiro e días anteriores e posteriores
<u>Festival de Entroido</u>	Actividades deportivas, xogos	5 de febreiro

	populares, concurso de disfraces, concurso gastronómico...	
Día Internacional da Muller Traballadora	Exposicións, decoración do centro, proxeccións, charlas...	8 marzo e días anteriores e posteriores
Día do libro	Valorar e coñecer obras relevantes da literatura como mostra destacada do patrimonio cultural.	23 abril e días anteriores
Letras Galegas	Celebración dunhas xornadas adicadas a conmemora o aniversario	13 maio e días anteriores
Día Internacional contra a homofobia e a transfobia	Exposicións, decoración do centro, proxeccións, charlas...	18 maio
<u>Festival de graduación do alumnado de 2º de bacharelato</u>	Discursos de despedida dos alumnos, proxeccións, actuacións musicais...	20 maio
Día Mundial do Medio ambiente	Tomar conciencia do deterioro ambiental que provoca unha cultura de consumo	5 xuño

5.- RELACIÓN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLOS DEPARTAMENTOS E POLA ANPA

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA

- BALLET: VENRES DE 15 A 17 H UN GRUPO, DE 17 A 19 H OUTRO.

- OBRADOIROS DE GUITARRA

A Anpa tamén colabora no Magosto, no Entroido en na Graduación do alumnado de 2º de bacharelato. Ase mesmo apoia ás actividades deportivas feitas nos recintos da Universidade de Santiago, ao grupo de teatro do centro, e as saídas ao Numax.

CICLO FORMATIVO VIDEO DJ

-Asistencia aos encontros, feiras e mostras do sector que se celebren en Santiago e bisbarra

- Visitas ás instalacións das empresas do sector. Entre elas a RTVG e CTV

DEPARTAMENTO DE ALEMÁN

Á marxe das actividades académicas ordinarias, o Departamento de Alemán ten previsto levar a cabo outras accións das que ao final do curso se deixará constancia na memoria, e das que aquí salientamos as seguintes:

1. Viaxe:

Durante este curso, o Departamento de Alemán pretende organizar unha estadía en Alemaña, Austria ou Suíza do alumnado que estea matriculado no 4º curso da ESO e no 1º do bacharelato. Vai ser unha estadía de aproximadamente unha semana nun destes

tres países cun intenso programa centrado na historia contemporánea. Trátase de que os alumnos aproveiten tamén a viaxe para relacionarse entre eles e con mozos locais e doutros países. O programa vai desenvolverse en lingua alemá, o que esixirá do alumnado participante un esforzo especial de concentración.

2. Charlas aos pais dos alumnos de 6º curso de educación primaria

Como vén sucedendo desde o curso académico 2003-2004, o profesorado do Departamento de Alemán, acompañado polo director, polo orientador do centro e por colegas doutros departamentos de linguas estranxeiras, desprazarase na primavera de 2016 aos colexios Raíña Fabiola e López Ferreiro para impartir neles unha breve charla informativa aos pais do alumnado do 6º curso da educación primaria sobre a posibilidade que van ter seus fillos de estudar alemán no Instituto de Educación Secundaria Arcebispo Xelmírez I. Aproveitarase a ocasión para repartir entre os interesados a folla informativa “A oportunidade de estudar alemán no Instituto Arcebispo Xelmírez I”.

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

E. S. O.

- Itinerario para o estudio das árbores e arbustos dos Parques de Santiago.
- Visita ao Museo de Ciencias Naturais da USC (todos os grupos do primeiro ciclo)
- Visitas ás exposicións da USC
- Recollida de landras e plantación de carballos (todos os grupos de P.S.)
- Traballos no horto e xardíns dos exteriores do Instituto (todos os grupos de P.S.)
- Saídas de campo polo Río Sarela-Monte Pedroso.
- Visita-Estudo Serra de O Courel (4º E.S.O.)
- Taller de Enerxías Renovables (2º E.S.O.)

BACHARELATO

- Itinerario xeolóxico de identificación de xeoformas e materiais.
- Visita a instalacións da Facultade de Bioloxía da USC

- Visita ao Observatorio astronómico da USC .
- Itinerario Ambiental de Educación enerxética Sotavento-Eume-As Pontes
- Visita á EDAR de Santiago (Roxos-Silvouta)
- Proxecto Ríos polo Río Sarela.

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

1º CURSO DE ECONOMÍA:

Se programan as seguintes actividades a desenvolver:

Primeiro Trimestre:

- 1) Visita a plaza de abastos de Santiago. Dentro do proxecto de emprendemento sobre un huerto os alumnos deben facer un análise do mercado.
- 2) Visita o parlamento de Galiza. Dentro do estudo do Gasto Publico e a elaboración do orzamento publico, os alumnos asistirán a unha sesión de debate parlamentario sobre os orzamentos da Xunta de Galiza.
- 3) Visita o Concello de Santiago de Compostela. Dentro do estudo da elaboración dun orzamento municipal, os alumnos participarán nunha charla coloquio con o Concelleiro de Facenda sobre as características dun orzamento municipal.

Segundo Trimestre:

- 4) Charla coloquio sobre a constitución dunha empresa. Os alumnos recibirán as experiencias dunha emprendedora na constitución e posta en marcha dunha empresa de comercialización de produtos do campo.

2º CURSO DE ECONOMÍA:

Se programan as seguintes actividades:

Primeiro trimestre:

- 1) Charla sobre o funcionamento do mercado da Bolsa. Realizarase xunto co estudo da Unidade Didáctica 3, sobre as formas xurídicas das empresas e a constitución do capital.
- 2) Visita o polígono industrial do Tambre. Dentro do tema das formas xurídicas empresariais.

Segundo Trimestre:

- 3) Visita a Cámara de Comercio para unha charla sobre os trámites para a creación dunha empresa.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

- *Campionatos internos*: organizados polo profesor Gonzalo Anaya García, durante os recreos organizaranse competicións deportivas (futsal, baloncesto, voleibol etcétera), tanto masculinas como femininas e mixtas.

- *Natación*: actividade organizada polo profesorado Gonzalo Anaya García e Domingo M. Sampedro Sampedro con alumnado dos cursos 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e 1º de bacharelato. Cada grupo acudirá á piscina en dúas ou tres ocasións.

- *Serra do Caurel*: en colaboración co Departamento de Bioloxía e Xeoloxía realizarase unha viaxe de estudos no mes de maio (máis información, profesor Manuel A. Fernández Domínguez).

- *Día da Saúde*: con participación de todo o alumnado do centro realizaranse actividades para a súa celebración. As debidas actividades consistirán na dinamización e motivación, coreografías, acrosport etcétera. En colaboración coa ANPA e cafetería do centro repartiranse brochetas de

- *Día Mundial do Medio Ambiente*: en colaboración co Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e a organización ADEGA realizarase para mostras de fauna e flora en zonas do río Sarela; e, posteriormente, analizaras e comprobar o estado do río, especies etcétera.

- *Viaxe á neve*: con alumnado do centro dos cursos superiores, en principio, farase unha excursión aos Pirineos para realizar actividades de esquí e outras na natureza (máis información, profesor Domingo M. Sampedro Sampedro).

- Orientación: con alumnado do centro dos cursos superiores faranse fixéronse actividades de orientación e outras nos arredores do centro educativo acompañados por profesorado do centro (máis información, profesor Domingo M. Sampedro Sampedro).

- Patinaxe artística e hóckey patíns: en colaboración co Club de Hóckey Compostela, participará todo o alumnado do instituto que cursa a materia de Educación Física.

- Fútbol americano: en colaboración co Club San Francisco de Teo, participará o alumnado do instituto que cursa esta materia polas tardes, xa que os monitores non poden asistir pola mañá.

- Charlas do presidente do Club Rácing de San Lourenzo para dar a coñecer a nenos e nenas as actividades que levan a cabo e a participación en fútbol e fútbol sala.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Durante o ano académico 2015-2016, o Departamento de Educación Plástica e Visual ten previsto participar en varias das actividades contempladas no Plano Xeral do centro. Concretamente:

- Visita á Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
- Visita á Escola de Restauración de Pontevedra.
- Visitas a museos: Marco (Vigo), Fundación Barrié de la Maza e Museo de Belas Artes (A Coruña).
- Visita ao Centro da Estampa (Betanzos).
- Visitas varias a exposicións e museos de Santiago, que trataremos de organizar no momento en que teñamos noticias da celebración dalgún evento artístico que vexamos conveniente presenciar ou visitar cos alumnos.

Tamén se fomentará que os alumnos de *Iniciación á Imaxe Dixital e Multimedia* participen en actividades extraescolares, como poden ser as visitas guiadas a exposicións relacionadas coa imaxe dixital fotográfica ou videográfica, feiras de mostras de tecnoloxías da imaxe, etc. As saídas que organice o Departamento, e outras saídas e excursións pode ser aproveitada para que o alumnado desta materia realice tomas fotográficas e videográficas que sirvan para realizar posteriormente reportaxes gráficas sobre a temática e os lugares visitados.

Para cada unha destas visitas o profesorado do departamento dará orientacións e información ao alumnado. Tamén se prepararán actividades de observación, información e traballo de campo para outras saídas de varios días, que habitualmente se organizan ao estranxeiro.

DEPARTAMENTO DE FILOSOFIA

Neste curso 2015-16 o Departamento de Filosofía ten a ben propoñer como actividades complementarias as seguintes, estando pendentes de fixar as datas definitivas de celebración:

-IV Certame de Ensaio Subversivo “Guillermo Domínguez”: concurso intercentros aberto a toda a comunidade autónoma para o alumnado de Bacharelato, xestionado desde o centro e coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Convocarase no segundo trimestre do curso.

-Xornadas conmemorativas do Holocausto: proxección de películas e posterior debate sobre o tema, coincidindo coa data da súa celebración (fins de xaneiro).

-Charlas e mesas redondas: a cargo de intelectuais e personas vinculadas á vida cultural, en relación con temas de actualidade que xurdiran.

-Visitas guiadas: en colaboración co Departamento de Historia, de cara ao coñecemento do patrimonio artístico da cidade.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

- visita a Facultade de Química para os alumnos de 2º de Bacharelato

DEPARTAMENTO DE FORMACIÓN DE ORIENTACIÓN

LABORAL

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES QUE SE PROPOÑEN PARA O CURSO 2015/2016

1ª AUTOEMPREGO E BUSQUEDA DE EMPREGO “EMPRENDER CON MENOS DE 30 ANOS”.

Dirixido aos dous cursos de 1º de CM VÍDEO DISC-JOCKEY E SON e a 1º e 2º BACHARELATO (optativa Economía) Adultos.

A saída ao mundo laboral, tamén está incluída dentro da materia do módulo de FOL.

Unha parte importante dos alumnos de CM e dos alumnos de Bacharelato Adultos ao rematar os respectivos títulos, non se seguen formándose e entran no mercado laboral, por isto considero importante contar cunha persoa dunha organización sindical ou de traballadores autónomos, para que lles transmita os pasos para seguir no autoemprego ou na procura de emprego e como lles axudaría a súa organización.

A miña proposición é que asista como relator Eduardo Abad Sabarís, Secretario de Coordinación da Comisión Executiva de UPTA (Unión de profesionais e traballadores autónomos).

Orzamento: Cartel para anuncio da actividade e agasallo

Para realizar na 2ª avaliación, en función de cando poida asistir o relator. Data prevista o 28 de xaneiro de 2016 pola tarde.

Tempo estimado para o relatorio: 2 horas.

2ª OS SINDICATOS E OS REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES

Dirixido aos dous cursos de 1º de CM VÍDEO DIS-JOCKEY E SON

A representación dos traballadores e as súas funcións tamén é un parte do temario do módulo de FOL, a actividade que se propón é que unha persoa dunha organización sindical veña ao centro de ensino a transmitirle ao alumnado a súas vivencias como membro dunha organización sindical e a situación actual dos sindicatos.

A miña proposición é que asista como relator un membro dun sindicato.

Orzamento: Agasallo.

Para realizar na 2ª avaliación.

Tempo estimado para o relatorio: 1 ou 2 sesións de clase.

3ª CONFLICTOS COLECTIVOS

Dirixido aos dous cursos de 1º de CM VÍDEO DISC-JOCKEY E SON

Tanto concepto, causas, mediación e resolución de conflitos son obxecto de estudo tamén no módulo de FOL, pero considero que para o alumnado é interesante que unha persoa allea ao ensino e inmersa no mundo da empresa, se é posible con responsabilidades dentro dun comité de empresa, lles transmita situacións vividas en conflitos colectivos reais.

A miña proposición é que asista como relator Xesús López, presidente do comité de empresa de LANTERO, en Vilagarcía de Arousa.

Orzamento: Desprazamento desde Vilagarcía e agasallo.

Para realizar na 3ª avaliación.

Tempo estimado para o relatorio: 1 sesión de clase.

4ª PRIMEIROS AUXILIOS

Dirixido aos dous cursos de 1º de CM VÍDEO DISC-JOCKEY E SON

Dentro do módulo de FOL hai unha unidade didáctica de primeiros auxilios, sería interesante contar cunha persoa especialista, persoal sanitario, cruz vermella, protección civil... que viñese con material e impartise unha clase práctica ao alumnado. Habitualmente para este tipo de actividades non é necesario orzamento xa que organizacións, como as antes citadas, veñen gratuitamente.

Para realizar na 3ª avaliación.

Tempo estimado para realizalo: 1 sesión de clase ou máximo 2, dependendo do tempo que crea oportuno o especialista.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Para o curso 2015/2016 esta proxectado un intercambio escolar cun centro de ensino de Toulouse, “Collège André Maraux”, para o grupo de 3º da ESO que comeza a “section européenne” e 4º. O grupo francés viría a Santiago en data sen precisar aínda e o noso alumnado iría a Francia no mes de marzo (entre os días 10 e 17).

Matinée Théâtrale en maio

Para os grupos de 1º e 2º de Bacharelato da “section européenne” está previsto que se presenten ao DELF SCOLAIRE (B1 ou B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas) segundo o nivel alcanzado por cada alumno.

Para todos os alumnos de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato asistencia ás representacións de teatro en francés e de cine en francés que se leven a cabo na cidade.

Non se descarta a realización doutras actividades culturais que o Departamento estime interesantes, como conferencias, visitas a exposicións, excursións, etc. Estas actividades non se poden determinar pois dependen da programación cultural dos concellos, a universidade, fundacións, etc. Por exemplo, a Fundación Caixa Galicia soe proxectar ciclos de cine francés “ Xoias francesas”, na Aula de Cultura de Santiago (versión orixinal subtitulada). Recomendamos aos nosos alumnos de bacharelato a asistencia ás películas, xa que se proxectan fóra do horario escolar.

DEPARTAMENTO DE GALEGO

1.- Colaboración co Equipo de Dinamización e normalización Lingüística en:

- Correlingua
- Festival teatral intercentros.

2.- Charlas con escritores/as.

3.- Asistencia a representacións teatrais que haxa en Compostela ao longo do ano

4.- Asistencia a algunha proxección cinematográfica que se considere de interes

5.- Club de debate

6.- Colaboración con diversas actividades que se realicen no centro, nomeadamente:

- Samaín.
- 25 de Nov.: Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as

mulleres.

- 30 de Xan.: Día escolar da Non- Violencia e a Paz
- Entroido
- 8 de Marzo: Día Internacional da Muller traballadora.
- 21 de marzo: Día da Poesía
- 23 de abril: Día do libro
- Maio: Semana das Letras

Portugués:

- 1.- “Pelas margens do rio Lima”. Excursión a Ponte de Lima, Ponte da Barca e Viana do Castelo. **Día 19 de outubro**
- 2.- Excursión de dous días nos meses de abril ou maio a Coimbra e Aveiro.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

I ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS AO LONGO DO CURSO

1.1 Proxecto da biblioteca escolar

A profesora Carmen Sande, como membro da equipa de Biblioteca do Instituto, e tal como se fixo nos anos anteriores cun grupo de 4º de ESO, traballará, ó longo do todo o curso, con alumnado de 1º de BACH o proxecto sobre *os sentidos de Santiago*, que este ano estará centrado no sentido do gusto.

Realizaranse actividades encamiñadas á elaboración de material audiovisual que formará parte do proxecto final da Biblioteca.

1.2 Proxecto: Numax na Escola

LUGAR: sala de cine NUMAX (Santiago de Compostela)

ALUMNADO: ESO e BACHARELATO da profesora Carmen Sande

PROXECCÍONS: Unha por trimestre

CUSTO: 4,80 por alumno

1.2.1 OBXECTIVOS:

- Inculcar o amor ao cinema participando do visionado de películas contemporáneas, especialmente cine de estrea e reposición de cine clásico, nunha sala da nosa cidade.
- Entrar en contacto coa lingua inglesa a través do cine en versión orixinal.
- Entender o cine como arte, técnica e medio de expresión.
- Estimular a capacidade crítica como espectadores.
- Aprender a interpretar a nosa historia a través do cinema.

1.3 Santiago-Battle Cultural Exchange Project

A profesora Elvira Souto Grandal vai coordinar o intercambio cultural na rede entre o noso alumnado de 3º ESO e o alumnado de 8º ano do Claverham Community College de Battle en East Sussex (Reino Unido) titorizado pola profesora Claire Taylor.

1.4 Intercambio histórico-cultural e Conversas no Skype

O profesor Manuel Vázquez Fernández coordinará as conversas que o noso alumnado de 1º e 2º de bacharelato manteñen a través da rede co alumnado do Enloe High School de Raleigh en Carolina do Norte (EUA) coordinados polo profesor José Tojo.

II ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS TRIMESTRAIS

2.1 PRIMEIRO TRIMESTRE

2.1.1 Saídas extraescolares

Como xa é tradición no Departamento de Inglés, os alumnos do BACHARELATO DE ADULTOS aproveitan a ocasión de ver cine en VO inglés durante o mes de novembro, data na que acontece o festival CINEUROPA nesta cidade.

2.1.2 Programa de Inmersión Lingüística e Cultural

CIDADE: YORK (REINO UNIDO)

DURACIÓN: 8 días / 7 noites

DATAS: 6-13 de outubro

CURSO: 3º ESO

Nº PARTICIPANTES: 30

PROFESORES ACOMPAÑANTES: Carmen Sande (departamento de inglés) e Manuel Antonio Fernández (departamento de ciencias)

EMPRESA ORGANIZADORA: “Language Kingdom SL”

CUSTO DA ACTIVIDADE: 750 euros

OBXECTIVOS:

1. utilizar a lingua inglesa durante a estadía tanto no ámbito familiar como académico.
2. integrarse e coñecer a vida cotidiá dunha familia inglesa e os seus costumes.
3. coñecer aspectos da cultura británica: deportes, comida...
4. visitar lugares de interés histórico e cultural: York, Liverpool, Whitby.

PROGRAMA:

MAÑ ÁN	VIA XE IDA	CLASE S	CLASES	MUSEO DEPOR TES	L I V E R P O	FAMILI A MONIT OR	CLASES	VIAX E VOL TA
TARD E		TOUR YORK	MUSEO WITBY	CLASES		VISITA AO CASTEL O		

		FAMILIA	DISCO KARAOKE	FAMILIA	OL	FAMILIA	PASEO NOCTURNO	
NOITE								

2.2 SEGUNDO TRIMESTRE

Teatro

Un ano máis un grupo de teatro inglés visitará o centro cunha nova obra adaptada para o primeiro ciclo da ESO. A data, no segundo trimestre, vai depender do número de representacións que teña a compañía de teatro.

2.3 TERCEIRO TRIMESTRE

Saídas extraescolares

O alumnado dos módulos II e IV da ESA tomará parte na Maratón de lecturas públicas que, organizadas pola *Fundación Granell*, veñen tendo lugar no Pazo de Bendaña en Compostela durante o mes de maio en conmemoración do Día das Letras Galegas.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- Asistencia a representacións teatrais de obras literarias
- Rutas literarias: Ruta rosaliana, Ruta de Valle-Inclán, Museo do libro...
- Visita a centros de cultura: MUPEGA, biblioteca *Ánxel Casal*, CGAC
- Asistencia a sesións de cine
- Concursos literarios
- Encontro literario con autores.
- Participación en actividades da biblioteca: conmemoración do día do libro...

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

- Saídas didácticas aos Concertos do Auditorio de Galicia. (dependendo da programación do Auditorio).
- Saídas didácticas "A música da natureza", coa chegada da Primavera nos arredores do Instituto, escoitar os sons e melodías dos paxaros de Santiago.
- Charlas, conferencias, concertos no Instituto. (dependendo da oferta).

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Actividade	Destinatarios	Participa/Colabora	Data
▪ Charla pais grupos ESO	Pais/nais	Titor/Orientador	1º trimestre
▪ Programa: “Plan de prevención de drogodependencias”	4º ESO	IGAXES3. Concello de Santiago.	1º Trim.
▪ Charla sensibilización “Síndrome de Aspeger”	ESO	ASPERGA	1º trimestre
Información académica	1º Bacharelato	Orientador/ titores	1º / 2º trimestre
▪ Mentalízate (sensibilización sobre a saúde mental)	3º ESO e 4º ESO	FEAFES Galicia	2º trimestre
• Información académica e profesional	ESA	Orientador	3º trimestre
▪ Obradoiro “Convivencia, valor da diversidade”	3º ESO,	Centro Quérote+ /Plan PROXECTA	1º , 2º Trimestre
▪ Obradoiro “Gustarnos” (imaxe corporal e autoestima)	3º ESO	Centro Quérote+ /Plan PROXECTA	1º, 2º Trimestre
• Obradoiro: “Afectividade e sexualidade”	3º ESO	Centro Quérote+ /Plan PROXECTA	1º, 2º Trimestre

• Proxecto “Dalle a volta á adolescencia”	2º, 3º ESO	Materiais de Estudio Adolescencia 2013	2º, 3º Trimestre
• Correspondentes xuvenís 3.0	Alumnado ESO	Xuventude.net / Plan PROXECTA	1º, 2º e 3º Trim.
• Obradoiro “Afectividade e sexualidade”	3º ESO	Centro Quérote+ /Plan PROXECTA	2º trimestre
• Obradoiro “ eu paso de movidas, e ti?”	4º ESO	Igaxes3- concello	2º trimestre
▪ Visita ao Campus da USC: Programa “Encontros na USC”	1º Bach.	Universidade de Santiago	2º Trimestre
▪ Orientación académico e profesional	Alumnado ¹	Titores/ Orientador	2º /3º Trimestre
• Información PAU	2º Bach.	Orientador/ profesorado	1º e 3º trimestre
• Violencia de xénero	ESA, Ciclo GM	Delegación do goberno en Galicia	2º Trimestre
▪ Xornadas de Orientación	4º ESO/Bach./FP/ESA	Centros educativos de Galicia/ Estudantes /USC/ Profesionais diversos	2º Trimestre
▪ Programa de formación e información sobre drogas	4º ESO, ESA	IGAXES/UMAD	2º Trimestre
▪ Charla centros adscritos	Alumnado de 6º EP / familias		2º Trimestre

1

		Profesorado de linguas estranxeiras / Director/ Orientador	
▪ Charla “Novas tecnoloxías”	ESO, ESA	Delegación do goberno en Galicia	2º trimestre
• Drogas e alcohol	ESA	Delegación do goberno en Galicia	2º trimestre
Información itinerarios educativos, optatividade e aplicación calendario da LOE.	Familias de 2º e 3º ESO	Orientador	2º trimestre
Información académico profesional	Familias 4º ESO	Orientador	3º trimestre

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

As saídas extraescolares este curso van a estar suxeitas a oferta que haxa na nosa cidade. Exposicións, conferencias e visitas organizadas polas diferentes institucións e organizacións de interese para os nosos alumnos e axustadas a nosa programación.

Neste apartado temos que contar ca gran dificultade que temos cos nosos alumnos o ter só unha hora lectiva semanal e dependendo da hora de cada grupo temos facilidade ou non para saír, pois en principio non é “convinte” que os alumnos de relixión falten a outras materias por unha actividade desta materia.

Previsión de actividades:

--1º ESO-Visita o Mosteiro de Carboeiro e ruta de senderismo as Fervenzas do Toxa no mes de marzo ou abril

--3º ESO- Visita didáctica no pazo de Oca e ruta de senderismo.

--1º de BAC- Visita o castelo de Rocha Forte.

Ademais o departamento de Relixión realizará como todos os anos actividades en colaboración ca ONG Entreculturas: na SAME (Semana Mundial pola Educación) no mes de abril, encontros da rede solidaria da mocidade e outras actividades. Tamén realizaremos actividades propostas por UNICEF relacionadas cos Dereitos dos nenos.

Durante o curso estaremos pendentes das diferentes propostas de exposicións ou actividades realizadas en Santiago e organizadas por diferentes asociacións, organizacións, entidades, concello, etc...

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

o 1º E.S.O.

Castro de Vilalonga .

Mercado romano/ Tapas/ Vocabulaio carteis/ Maqueta.

Intercambio con Madrid.

Posibles saídas a Laxe, Lugo, Arousa, Ribeira do Miño, Ourense e Celanova.

o 2º E.S.O.

La Cerca de Santiago.

Castelo da Rocha

Viaxe a Tui e Baiona

o 3º E.S.O.

Percorrido por Santiago

Visitas ao Parlamento ou ao concello

Percorrido polo polígono industrial

o 4º E.S.O.

Rueiro de Santiago/ Compostela.

Visita da cidade do Ferrol

o 1º BAC.

Faramello, pazo industrial.

Visita da cidade do Ferrol

o 2º BAC.

Percorrido polo plano

6.- OUTRAS ACTIVIDADES DE CARÁCTER CONTINUADO AO LONGO DO CURSO

ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- Co gallo da conmemoración do mes da ciencia, no primeiro trimestre preténdese impulsar a súa divulgación a través da biblioteca coa celebración de gynkanas científicas e actividades diversas encol do título **“A Ciencia na Literatura”**.

- Tentaremos retomar o Proxecto Interdisciplinar **“Compostela a través dos sentidos”**. ***A nosa pretensión é desenvolver o sentido do gusto e a súa relación con Compostela co Proxecto documental “Sabores de Compostela ao fin do camiño”***.

- Colaboración co Equipo de Normalización en todas aquelas actividades que se propoñan.

- Publicación de guías de lectura e guías de novidades.

- Actividades para a formación de usuarios na biblioteca e adquisición da competencia informacional.

- Visitas a outras bibliotecas.

- En relación co fomento da lectura está previsto:
 - Concurso de lectura en voz alta para todo o alumnado de ESO.
 - Concurso literario de poesía e relato corto en galego e en castelán para todo o alumnado do centro
 - Maratón de lectura
 - Debates organizados en torno a temas de actualidade
 - Ciclo de cine con filmes que sexan adaptacións literarias

- **Organización de actividades para conmemorar efemérides:**
 - Día da Biblioteca (24 de outubro) (Celebramos a Semana da Biblioteca cunha actividade de lectura na biblioteca nas horas de titoría)
 - Día Internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro)
 - Día Internacional da Muller (8 de marzo)
 - Día do Libro e os dereitos de autor (23 de abril)
 - Mes das Letras galegas (maio).
 - Preténdese contar coa axuda do Departamento de Plástica (como nos anos precedentes) para levar a cabo actuacións, performances, exposicións, carteis, etc.

- Para a Semana das Letras pretendemos levar adiante a actividade da “**Lectura Solidaria**”, que consistirá, básicamente, en entreter con contos e poemas á xente enferma dos hospitais.

- Colaborar na convocatoria do **IV Concurso Banda Deseñada**.

- Continuar co Club de Lectura de adultos “Palabras compartidas” e crear outro para pais e nais e alumnado de 1º ESO (“Merlín e familia”).

- Polo que respecta ao PROXECTO LECTOR DE CENTRO, o equipo de biblioteca fará propostas de actividades lectoras para cada departamento didáctico. Presentaranse as actividades deseñadas e a súa temporalización. Neste senso, preténdese levar a cabo unha acción experimental de **proxecto lector de centro e de fogar**: na reunión inicial dos titores coas familias deseñaremos plans de lectura entre familia, alumnado e Biblioteca, de tal xeito que se compartan experiencias lectoras e se fomente o hábito lector tamén nas casas. Abriremos un espazo virtual para que as familias participantes expoñan as súas experiencias.

- Actividades de Xadrez

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

As actividades que o Equipo de Dinamización Lingüística programa para o ano académico 2015-2016 son as seguintes:

◆ Materiais bibliográficos.

Tal e como aconteceu xa en cursos anteriores, o Equipo de Dinamización Lingüística ten interese en participar na dotación de materiais bibliográficos e videográficos en galego con valor didáctico e demandados pola comunidade educativa. Por isto procuramos ir informando das novidades editoriais que vaian saíndo ao mercado e poñendo en coñecemento da comunidade educativa todas as adquisicións que se realizan.

Establécese unha colaboración activa cos clubs de lectura, tanto co club de lectura de alumnos/as como co club de lectura de pais e nais, a fin de introducir obras de lectura en galego, ben orixinais de autores galegos, ben traducións. Así, incentivamos a lectura, favorecemos a mellora das habilidades lectoras na nosa lingua e poñémola en valor como lingua de cultura.

Esta actividade afecta a totalidade do alumnado do centro, e tamén a aquelas familias vencelladas ao club de lectura da biblioteca do centro.

◆ **Teatro.**

En colaboración coa Vicedirección do centro e co departamento de galego, continúaase este curso co grupo de teatro *Vai no dentista* que procurará levar adiante a montaxe dunha obra dramática en galego.

Con esta obra participaremos no *XXI Certame de Teatro*, coorganizado polos Equipos de Dinamización dos Institutos de Santiago que se celebrará previsibelmente no mes de abril de 2016. Logo do grande éxito acadado nas pasadas edicións, este Certame consolida definitivamente unha iniciativa innovadora dos Equipos de Dinamización de Santiago que merecería, pola súa singularidade e pola alta rendibilidade normalizadora entre ao alumnado, un apoio económico especial por parte da administración educativa; non esquezamos que o teatro é un xénero de grande interese cultural que convén potenciar desde a etapa de formación e unha alta porcentaxe de rapaces e rapazas ten poucas posibilidades e pouco ou ningún hábito de asistir a unha representación teatral.

Esta actividade implica directamente ao alumnado que participa no grupo de teatro, mais tamén ao que asiste como público ás representacións.

◆ **Divulgación de información sobre cuestións sociolingüísticas.**

Documentación.

Ao longo do curso facilitaráselle ao profesorado, ao persoal non docente e tamén ao alumnado documentos con información en materia lingüística que consideramos interesante.

Do mesmo xeito, distribuirase entre o alumnado tanta información sobre premios, certames e concursos musicais e literarios vaian chegando ao centro, nomeadamente do Premio Ánxel Casal, coorganizado polo Concello de Santiago e un instituto da nosa cidade. Lembremos que este premio é economicamente o máis importante para ensino non universitario no noso país e que foi o noso centro quen propuxo a súa creación, como unha iniciativa máis entre os actos conmemorativos do Sesquicentenario da fundación do Instituto.

- **Taboleiro da lingua.**

O Taboleiro da lingua é unha das actividades máis dinámicas do E.D.L. pois expóñense nel as noticias que, aparecidas nos principais xornais, revistas, e tamén na internet, teñen na lingua a materia central, suscitando o interese do alumnado e mantendo constantemente unha información completa e actualizada sobre a dinamización, os seus problemas e dando cabida tamén a artigos de opinión que xiran arredor da problemática lingüística.

Esta actividade implica preferentemente aos membros do equipo de normalización que se encargan de recoller a información nos distintos medios.

- ◆ **Actualización da páxina WEB.**

Participar na páxina web do centro e incorporar información sobre o Equipo de Dinamización Lingüística; incluír tamén cumprida información das transformacións legais no eido da normalización. Esta información estrutúrase nos seguintes apartados:

Presentación: Explicación sobre os Equipos de Dinamización, compoñentes, funcións, etc.

Publicacións realizadas: Información sobre o contido e características das Axendas e Revistas editadas coas obras gañadoras dos certames postos en marcha no centro.

Outras actividades: Teatro, Recetarios, Certames, Correlingua,...

Taboleiro da lingua: Incorporación da información sobre a lingua que vaia aparecendo na prensa.

Lexislación: Información sobre as leis vixentes nas que se reflicten os dereitos lingüísticos.

Enlaces con outras páxinas web de interese: www.bivir.com (Bivir: Biblioteca virtual), Biblioteca da Universidade da Coruña, consellodacultura.gal (Consello da Cultura Galega), armandorequeixo.blogaliza.org (Blog *Criticalia* que ofrece Artigos de actualidade, lecturas recomendadas e ligazóns), ...

◆ **Axenda escolar 2015-2016.**

O pasado curso 2012-2013 o EDL púxose mans á obra para realizar unha nova axenda escolar. Esta idea xa se realizou no IES Xelmírez I nos cursos 2000-2001, 2001-2002, 2008-2009, 2011-2012, 2012-13, 2013-14 e 2014-2015 . Entendendo que se trata dunha empresa ambiciosa pero altamente atractiva, este curso realizámola novamente, cun contido novidoso que pretende achegar ao alumnado unha modesta guía das principais figuras da historia da pintura no noso país. Este curso, non só o alumnado do réxime de diurno e nocturno, senón toda a comunidade educativa poderá comprobar como Galiza e as súas xentes empezaron a ser pintadas no derradeiro terzo do século XIX, nun proceso vencellado ao Rexurdimento literario e ao rexionalismo político. Aqueles primeiros pintores, como Soutomayor, representaban unha Galiza idealizada, popular e tópica. Verán que foi Castelao quen empezou a preocuparse por pintar os problemas da xente, afirmando que o noso país debía ter a súa propia arte e que había que “pintar en galego”. Unha idea que recolleron Maside, Colmeiro, Torres, Souto, Laxeiro e Seoane, que ligaron ese compromiso identitario coas linguaxes das vangardas internacionais e fixeron da pintura galega unha arte internacional. E colixirán que a Guerra Civil significou o exilio e o silencio para a maioría dos artistas galegos máis comprometidos, e que a pintura galega, logo de anos de dificultades, volveu eclosionar nos anos 80 do século pasado co movemento Atlántida, mais que hoxe, cando está a desaparecer a clase media que compraba cadros, os pintores galegos teñen que competir nun mercado internacional moi difícil.

Afortunadamente, nos pasados catro anos académicos contamos coa promoción da Secretaría Xeral de Política Lingüística para levar a cabo esta actividade, sen cuxa subvención non se podería ter feito.

Coa axenda escolar buscamos dous obxectivos:

1.- Servir de estímulo educativo na medida en que axuda aos escolares a organizar as súas actividades.

2.- Incluír información diversa sobre acontecementos, persoas e organizacións que se caracterizaron pola súa actividade en defensa da dignificación e ampliación de usos para a lingua galega.

Esta actividade incide en toda a comunidade educativa:

a) No alumnado, que é o seu primeiro destinatario pois os contidos da axenda salientan a valoración positiva da lingua e da cultura galegas.

b) No profesorado, tamén destinatario da axenda pois lembra a vinculación coa lingua galega de figuras eminentes da nosa sociedade que destacaron en campos diversos ao longo da historia. Parece evidente que se esas personalidades amaron e empregaron o galego, non debe haber motivos para non o facermos nós.

c) Na situación lingüística do centro, pois vincula a lingua aos quefaceres cotiáns.

d) No contorno sociolingüístico do centro pois nos fogares e no círculo de relacións sociais de alumnado e profesorado esperta interese e contribúese, así, á divulgación da nosa cultura.

◆ Actualización do PLC.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, no seu artigo 14.1, *Proxecto lingüístico de centro*, especificase que “Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares (...)”. Este curso 2015-2016 cúmprense catro anos da aprobación do anterior PLC, de xeito que debemos levar a cabo a tarefa de redación dun novo documento, en colaboración cos departamentos de linguas do instituto e da dirección do mesmo, no que conste a decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, así como as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

Finalmente, unha vez aprobado e avaliado o PLC en Consello Escolar e remitido

aos servizos de inspección educativa, subirase o documento á páxina web do instituto para que poida ser consultada por toda a comunidade educativa.

◆ **Colaboración no festival de Nadal do alumnado de réxime ordinario.**

Todos os cursos realizamos no centro un festival de Nadal, que se celebra o derradeiro día lectivo do ano, e no que o alumnado fai gala das súas habilidades en diferentes campos da arte. Velar por que o fagan respectuosamente e polo emprego do galego neste acto, do que tamén poden os alumnos e alumnas extraer ensinanzas, é tarefa de varios profesores e profesoras que voluntariamente lle adican horas do seu tempo a este labor. O Equipo de Dinamización súmase a este grupo de docentes para colaborar e coordinar con eles este evento.

◆ **Celebración da semana das Letras Galegas.**

Durante toda a vixésima semana do ano 2016, que abrangue do 16 ao 20 de maio, o equipo de dinamización, xunto co departamento de lingua galega e a dirección do instituto, realizarán actividades de distinta natureza, enfocadas a estudar e salientar a figura do escritor lucense Manuel María, nado en Outeiro de Rei en 1929, e finado en 2004 na cidade de A Coruña, que este ano foi elixido por unanimidade o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2016 pola Real Academia Galega. Manuel María distínguese pola súa poesía excelsa na segunda metade do século XX, e aínda que destaca neste xénero, cultivou tamén o teatro e as narracións infantís. Destacar esta faceta súa, como promotor da literatura para mozos en Galiza, será a nosa tarefa fundamental nesa semana. Alentaremos entre o alumnado a lectura da súa obra, a realización de carteis e traballos gráficos, e a exposición dos mesmos, buscando potenciar o traballo colaborativo de alumnos/as e profesores/as, no coñecemento dun autor que, ademais, xogou un papel moi activo na promoción da cultura galega, percorreu o país participando en recitais e charlas literarias, e amosou unha faceta como editor e incluso político comprometido coa normalización da nosa lingua.

◆ **Correlingua 2016.**

Igual aos anos anteriores, os Equipos de Dinamización Lingüística dos Centros de ensinanza secundaria da Comarca de Santiago, proxectamos continuar participando na actividade lúdico reivindicativa “Correlingua”; a pesar das trabas que experimentou

esta actividade en anos anteriores, o interese co que o alumnado segue esta carreira non competitiva é razón suficiente para continuar con este acto simbólico en defensa do idioma.

Para a organización do Correlingua agardamos poder contar coa colaboración do Concello de Santiago, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega e coa Mesa pola Normalización Lingüística. Do mesmo xeito un número importante de editoriais e librarías colaboran gratuitamente con libros e outros materiais.

Nesta actividade participan uns 150 alumnas e alumnos de 1º e 2º de E.S.O.

◆ **IV Certame de Banda Deseñada AX1.**

O curso 2012-1013 fraguose no ies Arcebispo Xelmírez I a posta en marcha dun certame de banda deseñada aberto a todo o alumnado, de réxime xeral e de adultos, de toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Este proxecto, que contou co praxe e inestimable colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, levouse a cabo baixo a estreita colaboración do equipo de dinamización da lingua, o departamento de debuxo e artes plásticas, os membros da dirección do centro, a responsable da biblioteca do centro, e diversos integrantes da comunidade educativa.

Este curso pretendemos lanzar xa a cuarta edición deste certame de banda deseñada que tan boa acollida tivo tamén o curso pasado.

Este ambicioso certame busca como obxectivo principal a ligazón dun xénero que cautiva aos rapaces e rapazas de hoxe en día coa lingua galega. Por outra parte, o cómic é un xénero moi versátil, que vencella intimamente as artes plásticas, a literatura, a cinematografía e as novas tecnoloxías, e que demanda nos autores non só imaxinación e habilidades artísticas, senón tamén capacidade de concreción, de organización e de disposición.

◆ **Organización do T.A.L.**

O Tándem de Activación Lingüística é unha interesante iniciativa pensada para familiarizar coa lingua galega as persoas de fóra de Galicia que apenas a empregan. A incorporación ao noso centro de alumnado estranxeiro lévanos a adoptar esta medida de integración. O tándem consiste na organización de parellas que se comprometen a

reunións periódicas nas que a lingua de comunicación sexa o galego. Desta maneira a/o alumna/o estranxeira/o vai adquirindo a lingua e a/o alumna/o galega/o vai borrando o prexuízo lingüístico que asocia o galego co local e o internacional co español.

CERTAMES

IV Certame de banda deseñada.

O curso 2012-1013 fraguose no ies Arcebispo Xelmírez I a posta en marcha dun certame de banda deseñada aberto a todo o alumnado, de réxime xeral e de adultos, de toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Este proxecto, que contou co praxe e inestimable colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, levouse a cabo baixo a estreita colaboración do equipo de dinamización da lingua ao completo, o departamento de debuxo e artes plásticas, dos membros da dirección do centro e a responsable da dinamización da biblioteca do centro, especialmente interesada no proxecto e de diversos integrantes da nosa comunidade educativa.

Este curso pretendemos lanzar a segunda edición deste certame de banda deseñada que tan boa acollida tivo o curso pasado.

Este ambicioso certame busca como obxectivo principal o vencello dun xénero que cautiva aos rapaces e rapazas de hoxe en día coa lingua galega. Por outra parte, o cómic é un xénero moi versátil, que vencella intimamente as artes plásticas, a literatura, a cinematografía e as novas tecnoloxías, e que demanda nos autores non só imaxinación e habilidades artísticas, senón tamén capacidade de concreción, de organización e de disposición.

-4ª Edición do Premio de Ensaio Subversivo “Guillermo Domínguez”:

O departamento de filosofía organizará no primeiro trimestre, con previsión do fallo para primeiros do vindeiro ano, a terceira edición do certame intercentros de Ensaio Subversivo. As bases serán publicadas na web do centro e remitidas a todos os centros de secundaria da comunidade autónoma.

OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Durante o curso a vicedirección organizará diversas charlas e visitas para o alumnado relativas a temas transversais no currículo, algunhas das que estamos negociando serían.

- Os riscos de Internet: charlas informativas/formativas impartidas por expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas á comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).
- Consumo responsable
- Celebración do día da ciencia en galego
- Charla de ex-parlamentarios.

Proxecto: Numax na Escola

LUGAR: sala de cine NUMAX (Santiago de Compostela)

ALUMNADO: ESO e BACHARELATO

PROXECCIÓN: Unha por curso, en coordinación cos titores

CUSTO: 4,80 por alumno, a Anpa colaboraría cun 1,8.

A formulación da actividade divídese en **dúas partes**:

1. Ofrecer aos docentes unha unidade didáctica elaborada especificamente para cada filme, con contidos, recursos e actividades para que poidan traballar co alumnado nas aulas antes e despois da proxección do filme en NUMAX.

Os títulos son de especial interese para traballar tanto contidos curriculares como eixos transversais

2. A asistencia ao Cinema NUMAX, onde se proxectará o filme seleccionado.

1.2.1 OBXECTIVOS:

- Inculcar o amor ao cinema participando do visionado de películas contemporáneas, especialmente cine de estrea e reposición de cine clásico, nunha sala da nosa cidade.
- Entrar en contacto coa lingua inglesa a través do cine en versión orixinal.
- Entender o cine como arte, técnica e medio de expresión.
- Estimular a capacidade crítica como espectadores.
- Aprender a interpretar a nosa historia a través do cinema.

PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración con diferentes organismos da administración autonómica **dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros públicos** a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as **competencias básicas** e a **educación en valores**.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa favorecendo a innovación nos propios centros a través de **programas externos** que leven á motivación e ao traballo activo e colaborativo do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, o obxectivo central deste plan é construír modelos de mellora mediante **proxectos interdisciplinares integrados na programación xeral anual** que teñan un alto potencial de transferibilidade tanto no propio centro no que se orixinan como no resto da comunidade educativa galega.

O noso centro solicitou participar nos seguintes proxectos:

1. O proxecto Quérote: coordinador, Manuel Barreiro
2. O proxecto Salvavidas: coordinadora, Ofelia López
3. O proxecto Terra: coordinador, Emilio Pallarés
4. O proxecto Mirando polo Camiño: coordinador, Seoane
5. O proxecto fotografía en curso: coordinador, Roberto Rodríguez Carballada